

1.4.- REGULAMENTO DO SERVICIO DE TRANSPORTE URBANO EN AUTOMÓBILES DE ALUGUER CON CONDUCTOR

APROBADO POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DIA 26 DE XULLO DE 1990

PUBLICADO NO BOP DE A CORUÑA DO 8 DE SETEMBRO DE 1990

CAPÍTULO I OBXECTO DO REGULAMENTO E CLASIFICACIÓN VEHÍCULOS NEL REGULADOS

ARTIGO 1.- É obxecto deste Regulamento a regulación do servizo de Transporte Urbano en Automóviles de Aluguer con Conductor, dentro do termo municipal de Santiago de Compostela.

ARTIGO 2.- Os servizos aos que se refire o presente regulamento poderanse prestar baixo as seguintes modalidades:

Clase "A". Auto-Taxis: vehículos que prestan servizos medidos con contador taxímetro.

Clase "B". Auto-Turismo: vehículos que prestan servizos sen contador taxímetro.

Clase "C". Especiais ou de Abono: vehículos que prestan servizos dentro ou fora dos núcleos urbanizados, distintos das clases anteriores, ora pola súa maior potencia, capacidade, luxo, adicación, finalidade, etc., ora porque os condutores teñan coñecementos acreditados superiores aos que obriga a súa profesión e apropiados á especialidade que as características deste servizo demanda (turística, sanitaria, transportes lixeiros de mercadorías, etc.).

CAPÍTULO II

ARTIGO 3.- A concesión de Licencias para a prestación dos servizos regulados neste Regulamento é competencia do Concello, que a exercerá consoante o que dispoñen os artigos seguintes:

ARTIGO 4.- Corresponde ó Pleno do Concello:

- Acorda-la alteración do número de Licencias para cada clase de servizo.
- Fixa-los requisitos xerais e especiais que haxan de reunir, en cada caso, os aspirantes ás Licencias do turno de libre adxudicación polo Concello.
- Fixa-lo número de Licencias que correspondan a cada un dos turnos de adxudicación.

Será competencia da Alcaldía:

- A concesión de Licencias que queden vacantes ou as de nova creación.
- A retirada das Licencias nos casos previstos no presente Regulamento.
- A concesión e retirada dos Permisos Municipais para conducir-los vehículos do servizo público aquí regulado.
- Autoriza-la transmisión de Licencias nos supostos que proceda de acordo coas normas do presente Regulamento.
- A concesión de autorizacións para adscribir vehículos a cada Licencia ou a súa substitución.
- Tódalas outras facultades que non estean expresamente outorgadas por este Regulamento ó Pleno da Corporación.

ARTIGO 5.- A ampliación polo Concello do número actual de Licencias virá determinada pola evolución do censo de poboación. Correspondendo unha Licencia por cada 650 habitantes de dereito, coincidente co baremo utilizado pola Dirección Xeral de Transportes da Xunta de Galicia para a concesión do Visado de Transportes.

No expediente que se tramite para o efecto solicitarase informe do Xefe Provincial da Dirección Xeral de Transportes da Xunta de Galicia e darase audiencia ás asociacións profesionais de empresarios e traballadores representativas do sector e ás de consumidores e usuarios, por prazo de quince días.

ARTIGO 6.- Cando o Concello dispoña de Licencias para a adxudicación, abrirase un prazo de solicitudes de quince días contados des que se publique o anuncio no Boletín Oficial da Provincia que tamén se publicará na prensa local e se expoñerá no Taboleiro de Edictos da Corporación.

Dentro do prazo sinalado poderán solicitar Licencias de auto-taxi:

- As persoas físicas que estean domiciliadas e empadroadas neste termo municipal e que leven residindo nel alomenos un ano antes da convocatoria de adxudicación por concurso libre.
- Os condutores asalariados dos titulares das Licencias clases "A" ou "B" que presten o servizo con plena e exclusiva dedicación á profesión e que reúnan os requisitos do apartado anterior.
- Os titulares da clase "B" deste Concello, sempre que posúan unha soa licencia de autoturismo e se anule esta ao obterem a de auto-taxi.

Consonte ao artigo 1 do Regulamento Nacional, non se poderán crear nin conceder licencias da

clase "B" ou auto-turismo, por existiren no municipio licencias de auto-taxi.

Poderán solicitar libremente licencias da clase "C", de conformidade co disposto no artigo 5 deste Regulamento, as persoas naturais ou xurídicas que estean domiciliadas neste término municipal, leven resideindo nel alomenos un ano e tocante ás persoas físicas, que leven empadroadas alomenos un ano.

Dentro do prazo sinalado presentaranse as solicitudes ás que se achegarán os seguintes documentos:

- a) Documento Nacional de Identidade ou número de identificación fiscal no caso de persoas xurídicas.
- b) Domicilio do solicitante.
- c) Tempo de residencia no termo municipal.
- d) Certificado de empadramento no municipio.
- e) Declaración xurada de non se atopar incurso nalgún dos supostos sinalados no artigo 7 deste Regulamento.
- f) Antigüidade no servicio, caso de ser asalariado.
- g) No caso de asalariado, acreditación de boa conducta e de non ter sido sancionado por actos cometidos prestando servicio nos últimos cinco anos.
- h) Clase de permiso de conducir posuído, no suposto de que o solicitante vaia se-lo conductor do seu propio vehículo.
- i) Compromiso de presentar a requirimento do Concello os documentos oficiais acreditativos dos anteriormente reseñados.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, publicarase a lista no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos da Corporación durante quince días, para o obxecto de que os interesados, asociacións, empresarios, traballadores e usuarios poidan alega-lo que estimen procedente na defensa dos seus intereses.

ARTIGO 7.- Serán incompatibles para obte-las Licencias:

- a) O Alcalde-Presidente, os Concelleiros e en xeral as autoridades e membros da administración local, autonómica ou estatal, que tiveran ou teñan intervención no proceso de creación das Licencias ou do servicio nos últimos dous anos.
- b) Os parentes ata o terceiro grao inclusive, dos membros da Corporación, soamente para as Licencias do turno de libre adxudicación.
- c) Os funcionarios públicos en activo na administración local, autónoma ou estatal.
- d) As sociedades nas que algunha das persoas mencionadas nos tres apartados anteriores tivese que ser nomeado ou adquirise nos cinco anos seguintes á adxudicación máis do 10% dos títulos

representativos do capital social, ou unha participación equivalente a prol seu ou ostentase nelas algún cargo directivo.

- e) As persoas que sexan ou foran titulares de Licencias de calquera clase, por prazo de dez anos dende a súa transmisión.

ARTIGO 8.- Na adxudicación das Licencias de auto-taxi, o Concello quedará suxeito á seguinte prelación:

- a) A favor dos solicitantes que presten servicio como conductores asalariados dos titulares das Licencias de autotaxi, con plena e exclusiva dedicación, acreditada por posesión e vixencia do Permiso Municipal de Conductor maila inscrición e cotización por tal concepto na Seguridade Social, por rigorosa orde de continua antigüidade acreditada neste Concello. A devandita continuidade quedará interrompida cando se abandone voluntariamente a profesión de conductor asalariado por prazo igual ou superior a seis meses.
- b) En prol dos titulares das licencias clase "B", sempre que cumpran o disposto no artigo 6.c).
- c) En prol das persoas físicas, mediante concurso libre, aquelas Licencias que non se adxudiquen de acordo cos apartados anteriores.

Cando o número de solicitantes nos turnos de conductores asalariados e titulares doutras licencias clase "B" sexa superior ao de licencias que se van a adxudicar, procederá a súa concesión baixo o criterio de antigüidade.

ARTIGO 9.- O procedemento para adxudica-las Licencias será o seguinte:

- a) Exame das solicitudes presentadas pola Comisión Informativa correspondente, que fará no prazo de un mes unha relación de admitidos e non admitidos para cada grupo, facendo consta-la antigüidade no servicio de cada solicitante asalariado e as causas de exclusión dos non admitidos.
- b) Publicación da lista anterior na prensa local e no Taboleiro de Edictos da Corporación por prazo de quince días para os efectos de reclamacións.
- c) No mes seguinte a Alcaldía resolverá as reclamacións se é o caso e aprobará a lista definitiva fixando data e hora da adxudicación provisoria.
- d) A celebración da adxudicación provisoria anunciarase na prensa local e terá lugar en acto público no Salón de Actos da Corporación baixo a presidencia do Sr. Alcalde ou Concelleiro en que delegue, con asistencia do Sr. Secretario Xeral que dará fe; tamén poderá asistir previa

comunicación un representante das asociacións profesionais de auto-taxi.

- e) Leranse tódalas instancias presentadas -admitidas e rexeitadas- e de seguido os nomes dos solicitantes adxudicatarios das Licencias provisorias, primeiro aqueles ós que lles correspondese directamente de acordo coas normas deste Regulamento e logo os do turno de libre adxudicación conforme as normas particulares. De seguido farase a adxudicación provisoria.

ARTIGO 10.- A resolución da adxudicación provisoria notificarase ós interesados que no prazo de quince días presentarán os seguintes documentos no Rexistro Xeral do Concello:

1. Fotocopia do D.N.I.
2. Certificado do tempo de residencia neste termo municipal e o seu domicilio actual, expedido polo Secretario Xeral do Concello.
3. Certificado de se atopar empadroado neste Municipio indicando a data de alta, expedido polo Secretario Xeral do Concello.
4. Fotocopia do permiso de conducir e do permiso municipal para conducir vehículos deste servicio público ou xustificante de telo solicitado (no caso de se-lo aspirante o que vaia conduci-lo vehículo. Os adxudicatarios que o fosen pola súa condición de asalariado presentarán ademais os seguintes documentos:
5. Certificado do Instituto Nacional de Previsión no que consten as cotas abonadas á Seguridade Social en prol do interesado por conta do empresario, especificando as datas de cada pagamento periódico que correspondan ó servicio laboral desta actividade.
6. Certificado expedido por este Concello no que se faga consta-lo tempo que leva conducindo por conta allea vehículos deste servicio público.
7. Certificado expedido por este Concello xustificativo de que o solicitante observou boa conducta no desempeño do servicio ó longo dos últimos cinco anos e que non foi sancionado neste período.
8. Certificado do industrial ou empresa onde preste os servicios, e da antigüidade na mesma.

A falsidade nos documentos ou na declaración xurada que se presenten suporá a non concesión da Licencia ou a súa anulación se xa fora outorgada, sen mingua da responsabilidade penal correspondente.

ARTIGO 11.- Os documentos anteriores serán estudados pola Comisión Informativa Municipal de Servicios, que no prazo de quince días propoñerá ó Alcalde a adxudicación definitiva das Licencias.

Trala concesión o adxudicatario presentará na prazo de sesenta días naturais o vehículo correspondente á súa categoría consoante ó establecido neste Regulamento e mailos seguintes documentos:

- a) Certificado da aduana ou de fabricación no que consten os datos do vehículo (marca, potencia, antigüidade, número, etc.) no caso de non se atopar matriculado, ou o permiso de circulación expedido pola Xefatura de Tráfico correspondente no caso de ter cumprido ese trámite.
- b) Póliza de seguro, que cubra con responsabilidade civil ilimitada, os danos ós viaxeiros e a terceiros.

Comprobado polos servicios técnicos do Concello que os vehículos e os documentos reúnen as condicións esixidas para o servicio outorgarase a Licencia individualizada para o referido vehículo, que será provisoria mentres non se presente no Concello o certificado da Delegación Provincial de Industria acreditativo de ter feito as revisións que para os servicios públicos sinala o Código da Circulación.

ARTIGO 12.- As licencias municipais considéranse outorgadas especificamente para cada unha das clases de servicios expresadas no artigo 2 e distinguíranse consonte ás seguintes características:

1.- As da clase "A" irán cruzadas por unha franxa cor vermella.

2.- Nas da clase "B" a franxa será de cor azul.

3.- Nas da clase "C" a franxa será de cor verde.

Tódalas Licencias estarán condicionadas en canto á súa validez a que os vehículos a elas asignados reúnan as condicións esixidas polo Regulamento Nacional e subsidiariamente por este Regulamento.

En ningún caso se autoriza a transformación de licencias dunha clase a outra, salvo as da clase "B" que poderán pasar á "A".

ARTIGO 13.- Toda persoa titular dunha Licencia terá a obriga de explotala persoal ou conxuntamente mediante contratación de traballadores asalariados en posesión do Permiso Municipal de Conductor, afiliados á Seguridade Social en réxime de plena e exclusiva dedicación e de incompatibilidade con outra profesión.

Cando non se poida cumpri-la devandita obriga procederá a transmisión da Licencia nos supostos e termos fixados neste Regulamento ou á renuncia da mesma.

No prazo de sesenta días naturais dende a data de concesión das distintas Licencias, os seus titulares están obrigados a prestar servicio de xeito inmediato con vehículos asignados a cada unha delas.

En ningún caso se poderá deixar de prestar servicio durante tres meses consecutivos ou cinco alternos dentro de cada ano natural salvo causas xustificadas e en todo caso cun prazo límite de un ano; transcorridos os prazos anteriores segundo os distintos supostos caducará a Licencia e o Concello procederá a súa nova adxudicación ou amortización.

ARTIGO 14.- No Concello levarase un rexistro de Licencias concedidas no que se anotarán as incidencias relativas ós titulares, conductores e vehículos.

ARTIGO 15.- Os vehículos deberán figurar no Rexistro da Xefatura Central de Tráfico a nome dos seus donos, que tamén serán os titulares das Licencias, e que deberán concerta-la correspondente póliza de seguros.

ARTIGO 16.- As transmisións dos vehículos afectos ás Licencias levan implícita a anulación desta se no prazo máximo de tres meses dende a transmisión o titular non asigna á Licencia a outro vehículo da súa propiedade de acordo co establecido no presente Regulamento.

ARTIGO 17.- As relacións entre o Concello e os titulares das Licencias faranse sempre coa persoa que ostente a titularidade das mesmas, sen que poida interpoñerse ningunha persoa en concepto de administrado, apoderado ou calquera outra modalidade de mandato, sendo o propio titular o que asine cantos escritos presente no Concello e estea presente nas revisións cando fose requirido.

No caso de persoas xurídicas titulares de Licencias entenderase que todas aquelas relacións faranse coa persoa que ostente o cargo de director, xerente ou administrador, obrigándose a entidade titular a poñer esta condición e as modificacións que se produzan.

ARTIGO 18.- Os titulares das Licencias deste servizo público veñen obrigados a poñer en coñecemento do Concello os cambios de domicilio e calquera outro que afecte á documentación presentada para obte-la Licencia.

ARTIGO 19.- Os automóviles de servizo público con Licencias expedidas por outros Concellos non poderán exercer-la súa actividade neste termo municipal excepto as viaxes que teñan orixe no municipio que concedeu a Licencia ou que fose previamente contratado. En todo caso, no percorrido por este municipio non poderán empregar distintivo indicativo de que o vehículo está libre.

ARTIGO 20.- As Licencias serán intransmisibles salvo nos seguintes supostos:

- a) Por falecemento do titular, en favor do cónxuxe viúvo ou herdeiros lexítimos.
- b) Cando o cónxuxe viúvo ou os herdeiros lexítimos ou o titular xubilado no poidan explota-las Licencias como actividade única e exclusiva poderanse transmitir en prol dos solicitantes reseñados no artigo 8 deste Regulamento, previo informe do Concello e tendo en conta en todo caso o dereito de tanteo de calquera outro herdeiro forzoso que estea en posesión do Permiso Municipal de Conductor.
- c) Cando se imposibilite para o exercicio da profesión ó titular da Licencia por mor de enfermidade, accidente ou outras causas de forza maior (entre elas a retirada definitiva do permiso de conducir

necesario) que se apreciarán no expediente, en prol dos solicitantes sinalados no apartado anterior.

d) Cando as Licencias teñan antigüidade superior a cinco anos o titular poderá transmitila previa autorización do Concello, ó conductor asalariado co Permiso Municipal de Conducir e exercicio na profesión como mínimo de un ano co titular da Licencia, non podendo este obter Licencia novamente deste Concello no prazo de dez anos por calquera das formas establecidas neste Regulamento, nin o devandito adquirente transmitila de novo excepto nos supostos sinalados neste artigo.

Cando a titularidade corresponda a persoas xurídicas, as Licencias serán transmisibles se a antigüidade fose superior a cinco anos e se transmitise a totalidade dos títulos da mesma persoa.

As licencias clase "C" soamente se poderán transmitir cando cunha antigüidade superior a 5 anos se respecten os límites mínimos de titulariedade que corresponden a tres vehículos.

As transmisións que se fagan en contra do establecido nos apartados anteriores producirán a revocación da Licencia polo Concello previa tramitación dun expediente que se iniciará de oficio, a instancia das asociacións profesionais, de asalariados ou de calquera outro interesado.

ARTIGO 21.- A Licencia caducará por renuncia expresa do titular.

ARTIGO 22.- Serán causas de revocación das Licencias polo Concello:

- a) Emprega-lo vehículo nunha clase distinta para a que estea autorizado.
- b) Abandona-lo servizo público durante trinta días consecutivos ou sesenta alternos no mesmo ano natural, salvo razóns xustificadas acreditadas perante a Corporación. O período de vacacións anual que corresponde a todo traballador atópase entre as devanditas razóns, e neste senso prevese que non poidan estarána mesma situación máis do dez por cento dos titulares ó mesmo tempo.
- c) Non ter concertada ou en vigor a póliza de seguro.
- d) O reiterado incumprimento das disposicións sobre a revisión periódica dos vehículos a que fai referencia este Regulamento.
- e) O arrendo, aluguer ou apoderamento das Licencias, cando supoñan unha explotación non autorizada por este Regulamento e as transferencias de Licencias non autorizadas.
- f) O incumprimento das obrigas inherentes á Licencia e demais disposicións que fagan referencia á propiedade do vehículo.
- g) A contratación de persoal asalariado sen que teña o necesario Permiso Municipal de Conductor ou sen a alta e cotización na Seguridade Social.

A renovación e retirada da Licencia será acordada polo órgano decisorio da Corporación que a adxudicará, previa tramitación do expediente procedente que se poderá iniciar de oficio ou a instancia de parte interesada.

ARTIGO 23.- Tódolos vehículos adscritos as modalidades “A”, “B” ou “C” do servizo público que se regula neste Regulamento deberán ser conducidos exclusivamente por quen teña o Permiso Municipal de Conductor que para o efecto expedirá o Concello.

ARTIGO 24.- Á solicitude de Permiso Municipal de Conductor acompañarán os seguintes documentos:

- a) Carné do conducir expedido pola Xefatura de Tráfico, coa categoría esixida polo Código da Circulación para cada modalidade, ou fotocopia do mesmo.
- b) Certificado Médico Oficial acreditativo de non padecer enfermidade infecto-contaxiosa e de que posúe aptitude física suficiente para conducir-lo vehículo de servizo público ou copia compulsada do Certificado Médico Psicotécnico.
- c) Certificado de residencia e de empadramento en Santiago de Compostela con un ano como mínimo de antigüidade.
- d) Declaración xurada de non se atopar incurso nalguna das causas de incapacidade ou incompatibilidade indicadas neste Regulamento.

ARTIGO 25.- Trala admisión das solicitudes os aspirantes serán sometidos a unha proba que consistirá en:

- a) Teórica: Contestar correctamente a seis preguntas de oito realizadas sobre a situación de rúas, prazas, monumentos, edificios de interese público e entidades de poboación do termo municipal.
- b) Práctica: Consistente na correcta realización de catro itinerarios propostos nos que deberá face-lo percorrido máis curto, indicando os nomes propios das rúas, prazas, monumentos ou edificios de interese que se atopen no mesmo.

Os supostos contidos nas dúas probas anteriores serán propostos mediante sorteo de entre un mínimo de cincuenta preguntas para cada proba.

ARTIGO 26.- O incumprimento do disposto nos artigos anteriores leva consigo a perda do Permiso Municipal de Conductor.

CAPÍTULO III TARIFAS

ARTIGO 27.- A fixación de tarifas e a súa revisión realizarase polo Concello, previo expediente onde se xustifique a súa necesidade. Dito expediente poderá ser iniciado de oficio ou a instancia das Asociacións Profesionais no que serán oídas por un prazo de

quinze días as demais Asociacións Profesionais que non teñan promovido o expediente. Poderán ser oídas as asociacións de traballadores do taxi e as de consumidores e usuarios.

A tramitación, nas súas fases sucesivas, cinxirase á normativa xeral que regula a materia de prezos.

ARTIGO 28.-1 As tarifas dos servizos da clase “A” constarán dunha cantidade fixa que se denominará “baixada de bandeira” máis a que corresponde á quilometraxe por traxecto percorrido. Fixaranse tarifas para o tempo de espera, transporte de vultos (maletas, baús, carriños de neno) e suplementos por servizos nocturnos e determinados días festivos. O suplemento nocturno poderase tarifar no período comprendido entre as once da noite e as sete da madrugada.

Poderán existir suplementos para servizos que excedan dos límites urbanos, tales como traslados a campos de deportes, sanatorios, aeroportos, cemiterios e outros que determine a Corporación.

2.- Os prezos e tarifas dos vehículos da clase “C” serán libremente determinados polas empresas debendo comunicalo ao Concello.

ARTIGO 29.- As tarifas de aplicación serán visibles para o usuario desde o interior do vehículo e serán de obrigado cumprimento para os titulares das Licencias, os conductores dos vehículos e os viaxeiros.

CAPÍTULO IV VEHÍCULOS E EQUIPAMENTO

ARTIGO 30.- Os vehículos auto-taxi, deberán ter a carrocería cerrada, con catro portas de acceso doado e ventaiñas na parte posterior, debendo posuír as portas o mecanismo necesario para poderen accionar os usuarios, á vontade, a apertura dos cristais.

A capacidade non excederá de sete prazas incluída a do conductor.

Á vontade dos propietarios dos vehículos, poderá instalarse neles un aparato de radio, que deberá pórse en funcionamento a requirimento ou consentimento do viaxeiro.

Non se autorizará a entrada en servizo de vehículos que non sexan novos e sen uso, podendo permanecer en servizo ata teren unha vida máxima de dez anos, nese momento suspenderase automaticamente a licenza municipal.

A potencia mínima dos vehículos destinados a este servizo será de 10 CV. Exceptúanse desta norma aqueles que se encontren en servizo ata cumpriren cinco anos.

Os vehículos en servizo que cumprisen a antigüidade de dez anos, terán un período de seis meses para proceder á súa substitución.

Non poderán colocarse ningunha clase de anuncios no interior de vehículos auto-taxis sen a Licencia Municipal, que só se outorgará naqueles casos en que se conserve a unidade estética do vehículo e non impidan a visibilidade.

Interiormente os vehículos adscritos a este servizo levarán en lugar visible, unha placa esmaltada en branco con inscrición en negro, de 15 x 6 cm. na que figure o número da Licencia Municipal, a matrícula do vehículo e o número de viaxeiros que poda transportar.

Na súa parte exterior os vehículos levarán ademais dos símbolos pintados, a placa "SP" colocada conforme ó Regulamento e un rótulo luminoso no teito das características especificadas na Orde de Presidencia de Goberno de data 17.07.78 e Orde do Ministerio de Industria e Enerxía de 13.09.78.

ARTIGO 31.- Os vehículos destinados ó servizo de auto-taxi serán exteriormente de cor branca.

ARTIGO 32.- Os vehículos levarán pintadas ou pegadas, homologadas polo Concello de Santiago, no exterior das dúas portas dianteiras o escudo da cidade de Santiago, en cores, de 12 cm. de altura e debaixo do mesmo o número da Licencia pintado en cor azul mariño e en cifras de 3 cm. de altura.

ARTIGO 33.- Os auto-taxis deberán ir provistos de un aparato taxímetro debidamente comprobado e precintado, situado na parte dianteira interior da carrocería, de xeito que en todo momento resulte completamente visible para o viaxeiro a lectura da tarifa ou prezo, debendo estar iluminado desde o anoitecer ata o amañecer.

O aparato taxímetro entrará en funcionamento ó baixar a bandeira ou elemento mecánico, que a substitúa. A posición do punto morto interromperá a continuidade do contador, definitivamente ó finaliza-lo servizo e provisionalmente en caso de accidente, avaría ou reposición de carburante, debendo pór dito aparello en funcionamento logo do incidente, sen necesidade de proceder a baixar de novo a bandeira. Cando un aparato taxímetro mostre sinais de ter sido golpeado ou forzado, serán responsables o condutor do vehículo e o seu propietario, aplicándose as sancións a que houber lugar, que poden chegar á retirada da Licencia en caso de reincidencia.

CAPÍTULO V DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

ARTIGO 34.- Os vehículos autorizados polo Concello para realizaren servizos públicos con aparato taxímetro, prestarán servizo un mínimo de oito horas diarias. Se por causa de avaría ou accidente de calquera vehículo e por espazo maior de 72 horas, non puidese prestar tal servizo mínimo, porao en

coñecemento do Concello dentro das 72 horas seguintes, ou 48 hábiles, á causa que motive a ausencia.

ARTIGO 35.- Os vehículos auto-taxis prestarán servizo urbano nos lugares ou paradas establecidos polo Concello, en sistema de rotación semanal, ós que están obrigados a concorrer a cotío, podendo reforza-lo servizo noutra parada distinta da asignada, sempre que na mesma non haxa ningún vehículo dos que por turno de rotación lles correspondese.

No caso de notarse desatención nalgunha das paradas, a Alcaldía poderá ordenar a adscripción a esa parada dos vehículos que se estimen precisos.

No caso de que algún auto-taxi acuda ó Aeroporto para recoller algún viaxeiro, polo que previamente fora contratado, non poderá colocarse na parada ou reserva de auto-taxis.

O Concello poderá condicionar a realización dos servizos interurbanos á plena satisfacción prioritaria do transporte urbano e a tal fin poderá establecer sistemas de control segundo coide oportuno.

ARTIGO 36.- Para contrata-lo servizo de auto-taxis haberá que acudir ós lugares establecidos ou paradas, ben persoalmente ou mediante chamada telefónica. Os vehículos situaranse nas paradas por rigorosa orde de chegada, debendo respectarse esta orde para a prestación do servizo. A contratación dun servizo con anterioridade dunha hora poderá realizarse en lugar e por medios distintos ós antes descritos.

Os vehículos non poderán situarse na parada sen estaren en situación de LIBRE e a tal fin deberán ter visible desde o exterior o cartel indicador de tal situación (LIBRE) sen prexuízo do indicador luminoso de tarifas múltiples.

ARTIGO 37.- A contratación para servizos especiais deberá realizarse cunha hora polo menos de antelación, no caso contrario deberá respectarse o turno da parada.

ARTIGO 38.- O servizo de auto-taxis poderá prestarse en traxectos interurbanos, para o que deberán ir provistos estes vehículos da autorización que a tales efectos estende a Xunta de Galicia de acordo coa lexislación vixente.

Os servizos interurbanos estarán suxeitos ás tarifas aprobadas pola Administración competente, debéndose aplicar estas a tódolos percorridos que saian dos límites urbanos a efectos de transporte, aínda que parte do itinerario discorra polo interior da cidade.

ARTIGO 39.- O condutor dun vehículo auto-taxi non poderá negarse a presta-lo servizo cando sexa requirido para iso e se encontre en primeiro lugar da parada, salvo causa plenamente xustificada, considerándose a tales efectos:

- a) Acharse algún pretendido viaxeiro en estado de embriaguez.
- b) Se o viaxeiro é un fuxido da xustiza.
- c) Cando pretenden alugalo un maior número de persoas das que legalmente pode transporta-lo vehículo.
- d) Cando a indumentaria dos viaxeiros, os animais que os acompañen ou a clase de vultos que transporten poidan dana-lo vehículo.

ARTIGO 40.- Os conductores deberán respectar e observar tódalas disposicións relativas á circulación tanto as de carácter xeral como as especificadas neste Regulamento, Bandos ou Normas da Alcaldía.

ARTIGO 41.- O aparato taxímetro porase en marcha ó inicia-lo servico. Se o conductor esquecese isto, subsanarao tan cedo como se decate, procurando pórse de acordo co viaxeiro para completa-lo importe do percorrido co non sinalado no taxímetro. Neste caso, o viaxeiro poderá facer constar no Libro de Reclamacións o acontecido.

ARTIGO 42.- O itinerario seguido en cada servico será o que supoña menor distancia entre os puntos de saída e chegada salvo indicación en contra do viaxeiro.

ARTIGO 43.- Cando o viaxeiro requira do conductor de un coche auto-taxi que o espere en lugares ou establecementos que teñan dous ou máis accesos ou dispoñan destes en dúas ou máis rúas o conductor poderá solicitar que, contra entrega de recibo, se lle pague o importe ata entón percorrido e unha hora de espera, transcorrida esta, poderá dar por terminado o servico. Neste suposto deberá dar conta do actuado ó primeiro axente da Policía Municipal que atope ó tornar á parada.

ARTIGO 44.- No caso de accidente ou avaría que fagan imposible a continuación do servico, o viaxeiro -que poderá pedi-la intervención de un Axente da Autoridade que o comprobe- deberá abona-lo importe do servico ata o momento da avaría ou accidente.

ARTIGO 45.- Logo de terminado o servico, os conductores teñen a obriga de revisa-lo interior dos automóbiles para comprobar a posible existencia de obxectos perdidos ou esquecidos. En caso afirmativo entregaranse ó viaxeiro se fora posible, e de non ser, depositaranse na Policía Municipal.

ARTIGO 46.- Os conductores de vehículos taxímetros teñen a obriga de trasladar persoas enfermas ou accidentadas sempre que fosen requiridos. Se por causa destes traslados se producen desperfectos no vehículo, a súa reparación será por conta dos interesados.

ARTIGO 47.- Para facilita-lo servico a determinados espectáculos poderán os vehículos de determinadas

paradas situarse nas proximidades dos mesmos, co obxecto de facilitaren a súa utilización polas persoas que saen deles, sempre que non interrompan o tránsito de peóns e a circulación en xeral.

ARTIGO 48.- O servico nocturno prestarao un número de vehículos nunca menor do 15% dos adscritos ó servico. Dito servico será desenvolvido na forma que este Concello acorde, a proposta do Sindicato correspondente.

ARTIGO 49.- Tódolos automóbiles deste servico deberán levar á disposición do público un Libro de Reclamacións, dilixenciado polo Concello, salvo cando estea por outro Organismo público, de esixíreno as disposicións vixentes.

Tamén será obriga dos conductores conducir nos vehículos, ás oficinas da Policía Municipal, ás persoas que os ocupen se desexaren formular algunha queixa no servico. De resultar esta xusta, non se retribuirá o tempo invertido na indicada comunicación. De non selo, deberá pagarse mesmo o retorno ó lugar no que se produciu o incidente.

CAPÍTULO VI DOS CONDUCTORES

ARTIGO 50.- Independentemente das condicións laborais reguladas pola lexislación vixente, os conductores de vehículos comprendidos neste Regulamento, veñen obrigados a cumprir coas disposicións da mesma.

ARTIGO 51.- Os conductores irán provistos do permiso de conducción correspondente e do permiso municipal, que os autoriza para exercerem a súa profesión no vehículo que conduzan.

ARTIGO 52.- Mentres estean de servico, os conductores de automóbiles mostraranse en perfecto estado de limpeza e aseo.

ARTIGO 53.- Os conductores de automóbiles, na súa relación co público, gardarán a debida compostura, corrección, educación e cortesía, expresándose sempre de boas maneiras e evitando toda discusión. En cumprimento das normas anteriores, prestarán a súa axuda ás persoas de idade e impedidas. Non deberán fumar mentres estean alugados.

ARTIGO 54.- Todo automóbil dedicado ó servico de auto-taxi deberá estar provisto, ademais da documentación xeral correspondente ó vehículo e ó conductor, dos documentos seguintes:

- a) Licencia Municipal para exerce-la actividade correspondente.
- b) Póliza de seguro, consoante ó disposto na lexislación vixente.
- c) Plano das rúas da cidade.

d) Tarxeta visible para os usuarios visada polo Concello na que figuren as tarifas aprobadas para o servizo.

e) Libro Oficial de Reclamacións.

f) Un exemplar deste Regulamento.

g) Emprazamento das Casas de Socorro, Hospitais, Sanatorios, Comisarías de Policía, Bombeiros e demais servizos de urxencia, así como dos Centros Oficiais.

h) Talonarios de recibos autorizados polo Concello, referente á contía total percibida, das horas de espera, das saídas do territorio da xurisdición do Concello, os cales poderán ser esixidos polos usuarios e comprobados nas revisións periódicas.

CAPÍTULO VII

VEHÍCULOS DA CLASE “C” AMBULANCIAS (ESPECIAIS E DE ABONO)

ARTÍGO 55.- Os automóviles que vaian prestar estes servizos, reunirán no momento de seren presentados, á consideración do Concello, por concesión de nova licenza ou por substitución de outro vehículo, as seguintes condicións:

a) Potencia superior a 10H.P. fiscais.

b) Altura suficiente para desprazarse folgadoamente no interior un médico.

c) Camiña acondicionada e retráctil.

d) Bombona de osíxeno.

e) Soporte de goteiro.

f) Serea e luz de destelos.

g) Cor branca.

h) Franxa azul e a Cruz de Santiago, en cor vermella nas portas dianteiras.

i) Levarán o número de licenza en tamaño de 5 centímetros.

j) Un aparato de ventilación manual.

k) Un dispositivo de aspiración de secrecións.

l) Un botiquín de socorrismo e primeiros auxilios.

ARTIGO 56.- Os vehículos automóviles adicados a servizos especiais e de abono, levarán precintado o contaquilómetros e serán revisados periódicamente.

ARTIGO 57.- A contratación dos vehículos do servizo de abono, deberán ter nas oficinas onde radique a dirección, administración, representación ou sucursal das empresas ás que pertence, estando prohibido que estacionen na vía pública ou circular por ela a espera de clientes. Os prezos ou tarifas destes servizos serán de libre determinación polas empresas, terán unha vixencia de seis meses e serán expostas para coñecemento do público usuario.

ARTÍCULO 58.- A empresa que posúa licenza para esta especialidade está obrigada a prestar servizo permanente e a establecer as modalidades máis cómodas para a contratación do mesmo polos usuarios.

ARTÍCULO 59.- Para a prestación deste servizo é preciso:

1.- Estar en posesión de tres licencias desta clase, referidas a outros tantos vehículos automóviles. Poderannas solicitar simultaneamente nun mesmo escrito.

2.- Estar dado de alta como contribuinte á Facenda Pública polo concepto de imposto industrial (licenza fiscal), polo epígrafe correspondente.

3.- Ter aberta na cidade oficina ou establecemento con nome ou título rexistrado para a administración do servizo.

4.- Te-los vehículos dados de alta no Padrón de Vehículos deste Concello.

ARTÍGO 60.- Unha vez obtido o número de licencias mínimo esixido para a prestación do servizo, o seu propietario estará obrigado a presentar no Concello, no prazo de trinta días, os seguintes documentos:

a) Certificación da delegación de facenda acreditando o disposto no parágrafo segundo do apartado anterior.

b) A licenza municipal de apertura do establecemento á que fai referencia o parágrafo terceiro do mesmo artigo ou xustificante de tela solicitada.

c) A licenza da clase “C” non se expedirá mentras non se concedese a correspondente autorización técnico-sanitaria polo Ministerio de Sanidade e Seguridade Social e coordinarase de modo axeitado coa que corresponde expedir ó Ministerio de Transportes e Comunicaciones para a realización de servizos de carácter interurbano.

ARTIGO 61.- Os vehículos destinados a servizos especiais e de abono, levarán precintado o contaquilómetros e serán revisados periódicamente no tempo e forma que determina o presente Regulamento.

ARTIGO 62.- Os vehículos que realicen o presente servizo por primeira vez haberán de ser necesariamente novos, sen uso e, en ningún caso, o tempo de adscrición ao servizo poderá exceder ós dez anos.

CAPÍTULO VIII

CADUCIDADE E REVOCACIÓN DAS LICENCIAS E RESPONSABILIDADE DOS SEUS TITULARES E CONDUCTORES

ARTIGO 63.- Terán a consideración de falta leve:

a) Descoido no aseo persoal.

b) Descoido no aseo interior e exterior do vehículo.

c) Discusións en horas de traballo.

d) Carecer de calquera dos documentos que o presente Regulamento esixe para os vehículos nos apartados “a”, “c”, “d”, “g” e “h” do artigo 54.

e) A falta de prestación de servizo por un día sen estar avariado o vehículo ou outra causa xustificada.

- f) Non pór en coñecemento da Administración Municipal os cambios de domicilio.
- g) Instalar anuncios nos vehículos sen contar coa necesaria Licencia Municipal.
- h) Non levar instalados nos vehículos os distintivos internos obrigatorios.
- i) Non concorrer ás paradas.
- j) Non levar expostas en lugar visible as tarifas vixentes.

ARTIGO 64.- Consideraranse faltas graves:

- a) Non cumprir as ordes concretas do itinerario marcado polo viaxeiro, percorrendo maiores distancias innecesariamente para render servizos.
- b) Pór en servizo un vehículo non estando en boas condicións de funcionamento.
- c) O emprego de palabra ou acenos groseiros e de ameaza no seu trato cos usuarios ou dirixidas ós viandantes ou condutores doutros vehículos.
- d) Cometer catro faltas leves nun período de dous meses ou dez no de un ano.
- e) A inasistencia ás paradas nas localidades onde existen, durante unha semana consecutiva sen causa xustificada.
- f) Recoller viaxeiros en distinto termo ou territorio xurisdiccional do Concello de Santiago de Compostela.
- g) Non reparar no prazo concedido, as deficiencias que se observen no vehículo ó pasar as revisións anuais ou en calquera outro momento que indique o Concello.
- h) A non conservación do automóbil en estado de revista.
- i) Non ter verificado o aparato taxímetro ou en perfecto estado os seus elementos accesorios.
- j) A conducción do automóbil por persoa, que contando con Permiso Municipal, no o teña para o vehículo que conduce.
- k) Exercer neste Concello o servizo público con vehículos provistos de Licencia expedida por outros Municipios.
- l) Non pór en coñecemento da Administración Municipal a contratación ou despido do seu condutor.
- m) Non ter realizada a desinfección obrigatoria do vehículo.
- n) Non ter instalados os distintivos externos obrigatorios.
- ñ) Non pór os vehículos á disposición das autoridades ou ós seus axentes, cando os requirisen para iso.
- o) Non prestar o servizo nocturno obrigatorio.
- p) Non levar no vehículo o Libro de Reclamacións.
- q) Non ter atendida a parada na que teña obrigación de prestar servizo.
- r) Non teña atendida a parada na que teña a obriga de prestar servizo.

ARTIGO 65.- Considéranse faltas moi graves:

- a) Abandona-lo viaxeiro sen rende-lo servizo para o que fora requirido, sen causa xustificada.
- b) Cometer catro faltas graves no período de un ano.
- c) Conduci-lo vehículo en estado de embriaguez.
- d) Reter obxecto abandonado no vehículo sen dar conta disto á Autoridade competente, dentro das setenta e dúas horas seguintes.
- e) As infraccións determinadas no artigo 298 do Código da Circulación, e a manifesta desobediencia das ordes da Alcaldía nesta materia.
- f) A comisión de delitos cualificados como dolosos polo Código Penal, con ocasión ou motivo do exercicio da profesión a que fai referencia este Regulamento.
- g) O cobro abusivo ós usuarios, ou cobrar tarifas inferiores ás autorizadas.

ARTIGO 66.- As sancións con que poden castigarse as faltas tipificadas nos artigos anteriores serán as seguintes:

- a) Para as faltas leves:
 - * Amoestación.
 - * Suspensión da Licencia ou do permiso local de condutores ata quince días.
 - * Multas de ata 15.000 ptas. por cada infracción.
- b) Para as faltas graves:
 - * Suspensión da Licencia ou do permiso local de condutores de tres a seis meses.
- c) Para as moi graves:
 - * Suspensión da Licencia ou do permiso local de condutores ata un ano.
 - * Retirada definitiva da Licencia ou do permiso local de condutores.

ARTIGO 67.- En todo caso sancionaranse coa retirada definitiva do Permiso Local de Conductor, e si o condutor fose o titular da Licencia coa súa revocación, as infraccións definidas no artigo 57 do presente Regulamento.

ARTIGO 68.- No relativo ó procedemento sancionador estarase ó dispostonos artigo 133 e seguintes da Lei de Procedemento Administrativo.

Capítulo IX
Transportes Lixeiros de Mercadorías

Artigo 69.- Establécese unha "parada" para 13 vehículos lixeiros comprendidos entre os 500 e 2.500 kgs de carga para o servizo urbano de transporte público de mercadorías, na Praza de San Roque de Santiago de Compostela.

O Concello poderá crear outras novas paradas nas zonas que estime conveniente.

Artigo 70.- O titular da Licencia terá sempre ó seu nome o vehículo adscrito á mesma o que lle faculta

para a prestación do servizo público de transporte de mercadorías en vehículos lixeiros. Figurará como propietario do titular da mesma no Rexistro da Dirección Xeral de Tráfico.

Os propietarios dos vehículos deberán concertar obrigatoriamente a correspondente póliza de seguros, que cubrirá os riscos determinados pola lexislación en vigor.

Artigo 71.- Os titulares das Licencias Municipais dispoñerán da regulamentaria autorización para transporte público de mercadorías en réxime discrecional, expedida polo organismo competente para realiza-la súa función.

Artigo 72.- Os titulares da Licencia Municipal citada poderán substituír o vehículo adscrito á mesma por outro que reúna mellores condicións para a prestación do servizo e previa autorización municipal. En todo caso virá obrigado a facelo cando teña unha antigüidade superior a dez anos.

Artigo 73.- Os automóviles para a prestación deste servizo disporán de carrocería-furgón cerrado con portas de fácil acceso e funcionamento que facilite a manobra con suavidade.

No interior terá instalado o necesario alumbeado eléctrico e irán provistos de un extintor de incendios e demais medidas de seguridade que a lexislación vixente estableza.

Artigo 74.- Non se autorizará a posta en servizo de vehículos que non foran revisados previamente acerca das condicións de seguridade, conservación e documentación polo organismo competente e persoal técnico municipal.

Artigo 75.- Os titulares das Licencias virán obrigados a efectuar a revisión anual dos vehículos afectos ó servizo para comproba-lo seu bo estado de seguridade, conservación e documentación e terán en todo momento vixente a validez da Inspección Técnica Periódica efectuada polo organismo competente.

Estarán provistos da tarxeta visado de transportes regulamentaria, libro de reclamacións e póliza de seguro obligatorio do automóbil. O Concello poderá requerilos para efectuar revisións extraordinarias en calquera momento.

Artigo 76.- Os vehículos estarán pintados de cor branco e nas portas dianteiras levarán o escudo de Santiago de 15 cm de altura e debaixo do mesmo o número da Licencia pintado en cor negro e en cifras de 5 cm de altura.

Artigo 77.- Para a prestación dos servizos ó público que se regulen nas presentes normas, será condición precisa estar en posesión da correspondente Licencia Municipal.

A solicitude de Licencia formularase polo interesado acreditando as condicións persoais e profesionais, a marca e modelo do vehículo. Acompañarán, asemade, á solicitude de Licencia, certificación de estar empadroado dende hai máis de un ano neste concello, fotocopia do Permiso de Circulación do vehículo, do documento Nacional de Identidade e do permiso de conducir.

Os adxudicatarios da Licencia estarán obrigados a proveerse do "Permiso Municipal de Conductor" no prazo dun mes.

Artigo 78.- Se o número de solicitantes fora maior ó número de Licencias creadas ou existentes, o Concello resolverá sobre a súa concesión de acordo co establecido no vixente Regulamento Nacional dos Servizos Urbanos e Interurbanos de Transportes en Automóviles Lixeiros.

As Licencias serán explotadas polos seus titulares como actividade única e exclusiva, salvo causa de forza maior –enfermidade, accidente ou outra- en cuio caso poderase desempeñar por un conductor asalariado con Permiso Municipal de conductor e inscrición e cotización á Seguridade Social.

Artigo 79.- As Licencias serán intransmisibles, salvo nos supostos previstos no artigo 20 do presente Regulamento.

Artigo 80.- No prazo de sesenta días naturais, contados dende a data da concesión da Licencia Municipal, os seus titulares veñen obrigados a prestar servizo de maneira inmediata e con vehículo afecto a aquela.

Artigo 81.- O Concello levará un rexistro ou fichero das Licencias concedidas en donde iran anotando as diferentes incidencias relativas ós seus titulares, ós seus vehículos e conductores.

Artigo 82.- Polo Concello fixarase o "situado" ou "parada", a forma en que deben estacionarse e a orde de prestalo servizo. En caso de ampliarse o número de paradas, conforme se establece no párrafo segundo do art. 69, fixarase polo Concello un réxime rotatorio semanal de titulares de Licencias e paradas.

Artigo 83.- O réxime tarifario aplicable ós servizos fixarase polo Concello, previa tramitación do correspondente expediente no que serán oídas as partes interesadas por un prazo de quince días hábiles.

As tarifas de aplicación levaranse no vehículo a disposición do usuario e serán de obrigada observancia para os titulares das Licencias e os usuarios. O seu incumprimento poderá ser causa de anulación de Licencia.

Artigo 84.- Os vehículos, provistos de Licencia Municipal correspondente, están obrigados a concurrir diariamente ás paradas para a prestación do servizo, no horario que se determine polo Concello.

Artigo 85.- Durante a prestación do servizo os conductores deberán ir provistos dos seguintes documentos:

A.Referentes ó vehículo:

- Licencia Municipal
- Placa co número de Licencia Municipal.
- Permiso de Circulación do vehículo.
- Póliza de seguro en vigor.
- Tarxeta-visado de transportes.
- Inspección Técnica Periódica en vigor.

A.Referentes ó conductor:

- Carné de conducir para este tipo de vehículos.

- Permiso Municipal de Conductor.

A.Referentes ó servicio:

- Libro de reclamacións expedido pola Xefatura de Transportes Terrestres.
- Talonarios-recibo, autorizados polo Concello, referente á cuantía total percibida, co detalle correspondente, os cuales poderán ser esixidos polos usuarios e comprobados nas revisións periódicas.
- Exemplar Oficial da tarifa vixente.

Artigo 86.-O Concello establecerá as medidas de organización en materia de horarios, calendarios, descansos e vacacións, oidas as Asociacións Profesionais de Empresarios e Traballadores.

Artigo 87.-Independentemente das condicións laborais reguladas pola lexislación pertinente, os conductores de vehículos comprendidos nestas normas veñen obrigados a cumprilas escrupulosamente.

Artigo 88.- O Conductor solicitado persoalmente ou por teléfono para realizar un servizo na forma establecida, non poderá negarse a isto sin xusta causa.

Artigo 89.- A Licencia caducará por renuncia expresa do titular e serán causas polas cales o concello declarará revocada e retirará a Licencia ós seus titulares as seguintes:

- a. Usa-lo vehículo para usos non autorizados.
- b. Deixar de prestar servizo ó público durante trinta días consecutivos ou sesenta alternos durante o período de un ano, salvo que se acrediten razóns xustificadas, como o descanso anual, ante o Concello.
- c. Reiterado incumprimento destas normas especialmente as do artigo 85.
- d. O arrendamento, aluguer e apoderamento das Licencias, e as transferencias non autorizadas polo Concello.
- e. A contratación de persoal asalariado sin o necesario "Permiso Municipal de Conductor" ou sin alta e cotización na Seguridade Social.

A caducidade e retirada da Licencia acordarase polo concello, previa tramitación do expediente procedente, o cual poderá incoarse de oficio ou a instancia das Centrais sindicais, Asociacións Profesionais e Usuarios.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Para o non previsto nestas normas, rexerá con carácter supletorio o Regulamento Nacional dos Servizos Urbanos e Interurbanos de Transporte en Automóviles Lixeiros de 16 de Marzo de 1979, o de Transporte por estrada do 9 de decembro de 1949, competencias deste último que foron transmitidas á Xunta, segundo o apartado d) do Anexo III do Real Decreto 212/1979, de 26 de xaneiro e na Lei de Ordenación de Transportes Terrestres de 30 de xullo

de 1987 e demais lexislación aplicable con carácter xeral.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Para a provisión das trece licencias iniciais de transportes lixeiros de mercaderías terán dereito preferente os promotores que figuran no escrito de data 24 de outubro de 1994, sempre e cando reunan todos e cada un dos requisitos esixidos nas anteriores normas.